

ACTA DA REUNIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. Marisol Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. Carolina Costoya Pardo
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 12,47 horas do **19 de outubro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos.

Orde do día:

Punto único: Elaboración da proposta de clasificación de ofertas. Desenvolvemento da reunión:

A Mesa de Contratación procede ao estudo das ofertas presentadas polas empresas concorrentes nos respectivos sobres C, que son as seguintes (para o cálculo da puntuación tómanse como referencia todos os importes sen IVE):

	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982
Sesión ou acto de 2 días	2.031,89 €	2.044,22 €
Sesión ou acto de 1+½	1.381,89 €	1.502,05 €
Sesión ou acto dun 1 día	885,54 €	995,88 €
Sesión ou acto de ½ día	442,77 €	485,49 €
Sumatorio	4.742,09 €	5.027,64 €
Bolsa de horas	50 horas	Non consta nada no sobre C

Comprobase que, ao abeiro da cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas, non existen ofertas con baixas anormais ou desproporcionadas.

A continuación procédese cálculo da puntuación obtida por ambas entidades en base aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas; da aplicación das

ofertas das respectivas entidades ás fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas resulta a atribución da seguinte puntuación:

ENTIDADE	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas	
	Prezo	Bolsa horas
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	43,57	0
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	60,00	10,00

Procedese a continuación a calcular a puntuación total obtida polas entidades, sumándolle a esta a obtida en base aos criterios avaliados mediante xuízos de valor, atribuídos pola Mesa de Contratación na súa reunión do 8 de outubro, resultando a atribución da seguinte puntuación:

ENTIDADE	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas		PUNTACIÓN TOTAL
		Prezo	Bolsa horas	
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	13,00	43,57	0	56,57
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	21,00	60,00	10,00	91,00

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación das entidades concorrentes na seguinte orde:

- 1º. Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.
- 2º. UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,59 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Marisol Soneira Tajés Vogal
 José Manuel Balseiro Orol Vogal	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 Santiago González Serrano Secretario